



Avances na investigación da biografía rosaliana¹

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

Síntome moi honrada de estar hoxe aquí e tamén bastante atemorizada por ter que falar diante de persoas que saben tanto de tantas cousas, tamén de Rosalía de Castro, e por facelo ante persoas que, como Rosario Álvarez, foron nosas mestras. Eu fun alumna de Rosario Álvarez na Facultade de Filoloxía de Santiago e ela ten algo que ver nos inicios da miña dedicación rosaliana, aínda que ela non o lembre. Eu si. O meu primeiro traballo sobre Rosalía de Castro –modestísimo– fíxeno para Rosario Álvarez. Tratába sobre a lingua galega de Rosalía de Castro. Rosario Álvarez, que daquela era moi nova, pero era xa unha sabia, xulgou o traballo benevolmente e díxome unha frase que recordo perfectamente: “O traballo non é moi ambicioso –díxome–, pero non está mal”. Aquel xuízo foi importante para min porque me impediu mergullarme no desánimo que tantas veces acomete á xente nova, insegura acerca das súas capacidades. Esa é a misión dun profesor, aguillar os alumnos, estimulalos a faceren cousas. Iso foi en 1984. Case trinta anos levamos andados.

En 1985 celebrouse en Santiago de Compostela o *Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (entón aínda non sabíamos que había que dicir “estudos”). Foi un congreso extraordinario, por conmemorárense daquela os cen anos da morte de Rosalía de Castro; extraordinario tamén polo número de especialistas que convocou Rosalía, chegados de todo o mundo; e extraordinario, en fin, pola cantidade e a calidade das comunicacións presentadas, que se recolleron

en tres volumes (e non figuran todas; falta, por exemplo, a de Xesús Alonso Montero, que pronunciou unha conferencia en Vigo (o congreso era itinerante), e que, ás veces, é remiso a escribir as conferencias que pronuncia).

Eu asistín a aquel Congreso como bolsreira. A min, que daquela acababa de rematar a carreira, asombroume o número de profesores e de estudosos que era capaz de convocar o nome de Rosalía de Castro.

Pero tamén percibín, confusamente, que, malia suscitar tanto interese, eran varias e fundamentais as carencias nos estudos acerca de Rosalía de Castro. Porque, se no Congreso se presentaron investigacións sobre os nomes dos insectos e das aves na poesía de Rosalía, non había, apenas, estudos de conxunto sobre a lingua galega de Rosalía de Castro (agás o de Ricardo Carballo Calero). Ese foi o meu primeiro traballo rosaliano de investigación. En decembro de 1986 presentei, na universidade de Santiago, a miña tese de licenciatura sobre *Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro*, dirixida por Xesús Alonso Montero e no tribunal da cal estivo, entre outros profesores, Rosario Álvarez.

Outras carencias había. Tamén me decatei, naquel Congreso, de que o interesado en Rosalía non tiña ao seu dispor unha biografía documental da escritora. Non existía. Non existe. Si había biografías interpretativas, como a de Uxío Carré Aldao, de difícil acceso, ou as de Augusto González Besada e Victoriano García Martí, e achegas parciais doutros especialistas e estudosos.

¹ Conferencia inédita pronunciada dentro do ciclo *Do privado ao público: A configuración da Rosaía escritora. Rosalía de Castro no século XXI* (Consello da Cultura Galega, 21 de marzo de 2013). Retrucante: María do Cebreiro Rábade, coordinadora do Grupo de Investigación Rosalía de Castro da Universidade de Santiago de Compostela

Varias son as razóns de non dispormos aínda hoxe –e aquí entramos en materia– dunha biografía documental de Rosalía. A primeira ten que ver con Manuel Murguía, o marido de Rosalía. Murguía sobreviviu en moitos anos a Rosalía (a escritora morre en 1885; o historiador, en 1923), e foi quen tomou ao seu cargo o deseño da imaxe póstuma da escritora, imaxe da que aínda hoxe somos debedores.

Murguía dedicou bastantes páxinas a Rosalía de Castro, e nelas trazou a imaxe mítica que a posteridade recibiría da escritora. En 1885 (aínda non falecera Rosalía) Murguía publica un artigo sobre a autora, que logo incluírá en *Los precursores*. Nel traza unha semblanza de Rosalía, na que escribe estas célebres palabras: “Por más que la comparación sea vulgar, siempre se dirá de la mujer que, como la violeta, tanto más escondida vive, tanto es mejor el perfume que exhala”. E engade: “La mujer debe ser sin hechos y sin biografía, pues siempre hay en ella algo a que no debe tocarse”.

Anos despois, insiste neste xuízo. No prólogo ás *Completas*, de 1909, escribe: “Después de todo, la vida de una mujer, por muy ilustre que sea, es siempre bien sencilla. La de Rosalía, como la de cuantas se hallan en su caso, se limita a dos fechas: la de su nacimiento y la de su muerte; lo demás solo importa a los suyos”.

Consecuente con esta idea, Murguía toma unha serie de medidas para facer efectiva esta afirmación. A máis rechamante é a destrución da correspondencia de Rosalía, que el mesmo nos relata:

Como ya se acercan los días de la muerte –escribe Murguía–, he empezado por leer y romper las cartas de aquella que tanto amé en este mundo. Fui leyéndolas y renovándose en mi corazón alegrías, tristezas, esperanzas, desengaños...

Pero si las leí sin que mi alma se anonadase en su pena, no fue sin que el corazón que había escrito las líneas que acababa de leer, se me presentase tal como fue, tal cual nadie es capaz de presumir².

Murguía defendía a súa intimidade –estaba no seu lexítimo dereito– e privaba así á posteridade dun testemuño documental de primeira orde na reconstrución de toda biografía. Por outra parte, Murguía actúa como gardián da imaxe

ortodoxa de Rosalía. Así, por exemplo, cando o curmán de Rosalía, José Hermida Castro anuncia na prensa a publicación dunhas cartas que Rosalía lle dirixira, Murguía ameaza con emprender accións xudiciais contra el, e as cartas nunca se publican. De igual modo, protesta cando algúns periódicos pretenden publicar un retrato da escritora; indígnase cando se fan as primeiras xestións para adquirir a casa da Matanza.

Pero as xeracións posteriores non compartirán o punto de vista de Murguía. A este respecto, é moi significativo o que acontece en 1912. Nesa data, celébranse, en Pontevedra, uns Xogos Florais, un certame que no seu tema sexto, ofrece un premio á mellor biografía de Rosalía de Castro. Varias das sobras presentadas a ese tema, “á mellor biografía de Rosalía de Castro”, citan esa frase de Murguía en *Los precursores*, frase que se convertería nunha verdadeira consigna: “La mujer debe ser sin hechos y sin biografía”. Así xustificábase a carencia de noticias biográficas.

Un dos participantes nese certame foi o editor e biliógrafo Uxío Carré Aldao, quen presentou unha biografía de Rosalía con moi pouca biografía. Escribe Uxío Caré Aldao: “...en la biografía que intentamos bosquejar de la insigne mujer, gloria de Galicia y honra de su sexo, solo incidentalmente, y salvando toda clase de respetos, nos ocuparemos de su vida: lo demás se referirá solamente a la obra literaria”. E continúa: “Dice, y dice muy bien, nuestro gran Murguía: la mujer debe ser sin hechos y sin biografía, pues siempre hay en ella algo que no debe tocarse”.

O premio á mellor biografía de Rosalía quedou deserto. Este foi o primeiro gran fracaso na aspiración (de Galicia?) a dispoñer dunha biografía de Rosalía de Castro.

Agora ben, se o certame de Pontevedra non serviu para que saíse á luz unha biografía da escritora, si serviu para que Murguía se decatase de que non era posible coutar eternamente a posibilidade desa biografía. Así, decidiu prover de certos datos a unha persoa da súa confianza para que este escribise unha que puidese constituírse en biografía canónica de Rosalía. É Uxío Carré Aldao o elixido, e é este quen rescribe a súa breve biografía de Rosalía

² Naya Pérez, Juan (ed. lit.) (1953): *Inéditos de Rosalía*. Santiago de Compostela: Patronato Rosalía de Castro, pp. 18-19.

con algunhas poucas noticias proporcionadas por Murguía. A biografía empeza a publicarse, por entregas, en xuño de 1926, no Boletín da RAG, tres anos despois de morrer Murguía, e rematará en maio de 1927. Esta é a primeira, única e incompletísima biografía “autorizada” de Rosalía, autorizada por Manuel Murguía.

No transcurso do anos, outros testemuños se perderon. Desapareceron as persoas que coñeceron á escritora; e a incuria do tempo e outras incurias acabaron tamén con bibliotecas e arquivos privados e con algún público. E a dificultade ou a imposibilidade de acceder ás fontes documentais foi un inconveniente insalvable para escribir esa biografía documental de Rosalía de Castro. E se non hai documentos, o que hai é un terreo fértil para a fabulación.

Con esa dificultade, con esa escasez documental, atopáronse os grandes investigadores rosalianos, como Fermín Bouza Brey ou Ricardo Carballo Calero, que navegaron por ese proceloso mar dos arquivos galegos e que publicaron artigos extraordinarios, singularmente Bouza-Brey, sobre a vida e a época de Rosalía de Castro.

Modestamente, nós quixemos explorar esa vía, é dicir, acceder aos arquivos galegos –extragalegos– e comprobar que documentos había aínda neles que non saíran á luz e que puidesen iluminar algunhas zonas mal coñecidas da biografía de Rosalía de Castro. Como di Rosalía nun poema de *Follas novas*:

Dende aquí vexo un camiño
que non sei a donde vai,
polo mesmo que non-o sei
quixera o poder andar.

Daquela, a partir de agora, vou facer un breve percorrido por algunhas desas achegas que a investigación nos arquivos nos permitiu concluír e publicar.

A primeira circunstancia coa que se atopa o biógrafo de Rosalía de Castro é a do bautismo da futura escritora na Inclusa do Hospital Real de Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837. Rosalía comparte con miles de meniños e meniñas galegas do século XIX unha realidade terrible, moi mal coñecida, que é o paso pola inclusa de Santiago. Sobre esta

circunstancia (tan novelesca) tense fabulado moito. Nós dedicamos a este asunto un artigo³, de 1999, no que utilizando a documentación do antigo Hospital Real, conservada no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago e no Arquivo Histórico universitario, intentamos aproximarnos á realidade da exposición de nenos na Galicia do século XIX. Coa documentación destes dous arquivos intentamos bosquexar un panorama do que era o territorio dickensiano dos incluseiros, dos nenos abandonados na Inclusa na Galicia do século XIX, que popularmente era chamada “arquiña do rei”. O “Rei” era o apelido que recibían os poucos incluseiros que chegaban á idade adulta, “Rei”, porque esa era unha fundación do rei (en concreto, dos Reis Católicos, que foron os fundadores do Hospital Real de Santiago).

O Hospital Real era a institución da que dependía a Inclusa, onde se ingresaban os nenos expósitos (expostos) de toda Galicia e mesmo algúns chegados de Portugal e de Astorga. No ano 1837, no que Rosalía nace, son bautizados na Inclusa 432 nenos (unha delas Rosalía), e morren, na Inclusa, 342. Este era o destino da maioría dos nenos ingresados na Inclusa: morrer aos poucos días de vida; os que non, morrían nas semanas seguintes en cas das amas de cría contratadas polo Hospital (entón non existía o leite maternizado e cumpría amamentar os nenos).

Rosalía non ingresou na Inclusa –segundo dato sorprendente– porque a mesma persoa que a conduciu alí para ser bautizada, que se chamaba María Francisca Martínez e era unha empregada doméstica da nai de Rosalía, levouna consigo de volta. Isto foi diversamente interpretado polos estudiosos. A maioría (facéndose eco da información transmitida por Lois Tobío Fernández, emparentado co pai de Rosalía) interpretaron esa circunstancia como proba do abandono de Rosalía por parte de súa nai. Durante moito tempo se dixo que a nai de Rosalía quixo abandonala na Inclusa e que foi o pai, o sacerdote José Martínez Viojo, quen se opuxo. En cambio, a documentación do Hospital Real non xustifica esa opinión. Neses documentos comprobamos que había un precedente desta conduta na familia de Rosalía de Castro. En 1821 bautízase na Inclusa unha

³ Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (1999): “Sobre as orixes de Rosalía de Castro: a Inclusa de Santiago de Compostela e o caso de Josefa Laureana de Castro”, *A Trabe de Ouro* 39/3, pp. 325-351.

curmá de Rosalía, Josefa Laureana de Castro García Santamarina. A nena non só é bautizada senón que ingresa na Inclusa e permanece alí algúns meses. A razón, non estaren casados seus pais e querer protexer o segredo do nacemento. Unha vez que casan, ao ano seguinte, en xuño de 1922, recoñecen a filla, en xullo de 1822, ante as autoridades eclesiásticas.

O feito de que Laureana de Castro permanecese na Inclusa algún tempo –ben coidada– significa que a familia Castro tiña nesa institución persoas que a protexían. E temos que pensar que esa circunstancia seguía vixente en 1837, cando Rosalía nace. Por tanto, a nai de Rosalía segue o exemplo do seu irmán maior, José de Castro Abadía, e con máis grave motivo, pois non só ela é nai solteira senón que o pai da bautizada é sacerdote.

A familia paterna de Rosalía, os parentes de José Martínez Viojo, difundiron unha lenda de abandono, segundo a cal a nai de Rosalía quixo desentenderse da nena (por iso, segundo eles, bautizouse na Inclusa) e só serodiamente se ocupou dela. Nos primeiros anos, segundo eles, estivo ao coidado das súas tías paternas, as irmás do sacerdote Martínez Viojo.

Pero isto non se corresponde coa realidade documental. O seguinte documento que conservamos sobre a vida de Rosalía de Castro é o censo de habitantes de Padrón en 1842, custodiado no arquivo municipal desta vila. Nel aparecen censadas, en outubro de 1842, Teresa de Castro, nai, Rosalía, filla, e María Martínez, empregada da nai e madriña de bautismo de Rosalía. Este documento é, tamén, o primeiro recoñecemento oficial da maternidade de Teresa de Castro, quen por primeira vez vincula o seu nome ao da súa filla e dálle o seu apelido. No arquivo do concello de Padrón consérvanse moitos outros documentos da época que nos permiten trazar un cadro da vida padronesa, en 1842 cando Rosalía ten cinco anos e vive na casa número 4 da rúa do Sol, hoxe de Xoán Rodríguez, e que despois, evocará nuns versos de *Cantares gallegos*:

Inda vexo onde xogaba
coas meniñas que eu quería
o enxidiño onde folgaba,
os rosales que coidaba
e a fontaña onde bebía.

Estes datos démoslos a coñecer nun artigo publicado na revista *Grial* en 1997, artigo que leva o título “Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro”. Gústame lembrar o título porque non é meu, é de Carlos Casares, que

dirixía daquela a revista *Grial*. Este foi o título que el me propuxo (eu titulárao doutro xeito). E gústame lembralo aquí, a Carlos Casares, a el, que, entre tantas outras cousas, foi o biógrafo de escritores e que sempre me brindou as páxinas de *Grial* para publicar as miñas.

Sobre a personalidade do pai de Rosalía hai tamén algo que dicir. ¿Que documentos existen que proben que José Martínez Viojo foi o proxenitor de Rosalía? Non existe ningún recoñecemento explícito do eclesiástico sobre este particular. Nós publicanos, no ano 2000, un documento que longo tempo se buscara, o testamento de José Martínez Viojo (Ortoño, 1798- Iria Flavia, 1871), que ditou ás súas últimas vontades en Padrón o 20 de xullo de 1859. Neste documento non existe ningunha mención de Rosalía. Non podía habela; non se ten noticia de que os sacerdotes católicos fagan recoñecementos de paternidade nin sequera no acto de últimas vontades.

Ata onde eu sei, existe un único documento coetáneo que relaciona por primeira vez a Rosalía de Castro con José Martínez Viojo. Atopámolo no Museo de Pontevedra e publicámolo no ano 2011. Trátase dunha nota manuscrita, transcripción dun libro de apuntamentos de Ángel Baltar, farmacéutico padronés amigo do matrimonio Murguía-Castro, ao que lle facía moitos servizos bibliográficos, porque era posuidor dunha das bibliotecas máis importantes da contorna. A nota de Baltar, escrita o día posterior á morte de Rosalía, di o seguinte:

El 15 de julio de 1885 a la una de la tarde murió en la Matanza, casa llamada de Yáñez, la insigne poetisa gallega D^a Rosalía Castro de Murguía. Se le dio sepultura el 16 (día del Carmen) en el cementerio de Iria a las 10 de la mañana, cerca de la puerta del osario, hacia la parte del sur.

Era hija natural de D^a Teresa de Castro y un capellán llamado D. José Martínez.

Se crió, educó en la casa de sus abuelos maternos, frente a la capilla de la Venerable Orden Tercera y que hoy pertenece a D. Juan Gende.

Padrón, 16 de julio de 1885

Ademais da identidade do pai, este texto corrobora a noticia de que Rosalía, cando nena, vivía en Padrón coa súa nai. Está documentalmente probado desde 1842, en que Rosalía ten cinco anos. A familia materna de Rosalía vende esa casa de Padrón onde viviron ela e súa nai, en 1847, segundo documento de venda que tamén publicamos nós.

Unha escritora non só ten unha biografía íntima, senón unha biografía intelectual. Para coñecer a biografía intelectual de Rosalía, habería que acometer varias tarefas:

1. Documentar a súa etapa de formación: estudos, actividades “extraescolares” que na época eran a música, o debuxo de adorno, o francés...
2. Reconstruír a biblioteca de Rosalía de Castro, non materialmente (o que tamén sería interesante), senón elaborar un catálogo dos libros lidos por Rosalía.
3. Trazar un mapa das relacións literarias de Rosalía: con que escritores se relacionou, persoal ou epistolamente.

Canto ao primeiro, a formación de Rosalía de Castro, temos poucos datos, a penas os que ela mesma nos dá no prólogo de *Cantares gallegos*: “n’habendo prendido en máis escola cá dos nosos probes aldeáns...”. Pero, certamente, isto non é máis ca un tópico, o tópico da *humilitas* autorial. Aínda que Rosalía non tivo unha formación académica regrada, porque non se lles daba ás mulleres, si tivo unha formación intelectual máis ou menos autodidacta. Nese aspecto interésannos os anos de mocidade, nos que Rosalía viviu en Santiago, desde 1847, cremos (cando a familia materna vende a casa de Padrón na que ambas vivían) ata 1856, en que marcha a Madrid.

Nese período de formación, a futura escritora ten unha actividade cultural destacada na vida santiaguesa. Rosalía pertence como socia ao Liceo de la Juventud, unha sociedade cultural pola que pasaron todos os que tiñan inquedanzas artísticas e literarias no Santiago da época: Luís Rodríguez Seoane, Aurelio Aguirre, Manuel Murguía, Eduardo Pondal... Os nomes que teñen chegado a nós son case todos de homes (socias había menos e os nomes das poucas que o foron calábanse para protexeren a súa intimidade). Da participación de Rosalía como actriz afeccionada sabíase desde o 17 de xullo de 1885, data en que Luís Rodríguez Seoane menciona por primeira vez o dato nun artigo necrolóxico, publicado dous días despois da morte de Rosalía. Despois, en 1955, Bouza Brey publica o magnífico artigo “La joven Rosalía en Compostela”, no que exhuma algúns padróns veciñais, que sitúan a Rosalía, coa súa nai nesta cidade. Pero nunca se atopara ningún libro nin papel do Liceo de la Juventud que nos permitira afondar nesta actividade xuvenil de Rosalía.

A finais da década dos noventa, o profesor José Manuel González Herrán alertounos de que nunha librería de vello de Santiago se vendía un libro no que figuraba, manuscrito, o nome de Rosalía de Castro.

En efecto, o libro, que adquirimos nós, é unha colección facticia de doce comedias representadas no Liceo de la Juventud. No *dramatis personae* dalgunha delas e noutras páxinas, figura o nome de Rosalía Castro, manuscrito polo director de escena, así coma os nomes dos outros actores e algunha actriz afeccionada. Este volume permitiunos reconstruír esa dimensión escénica de Rosalía de Castro e coñecermos os nomes dos actores –e actrices– afeccionados: Angustias Lucas, Domingo Aristizábal, José Clérigo, Eduardo e Raquel Costoya, Leopoldo Crestar, Antonio Mosquera, os irmáns Ulloa..., algúns dos cales, para min, son como membros da miña familia, de tanto perseguir as súas vidas polos papeis e documentos de arquivo. Pois eu fun seguíndolles a pista a eles e a elas –o cal é máis difícil– e alegrándome cando os vía medrar, casar, ter fillos e entristecéndome cando cesaban nos seus empregos, enfermaban e morrían.

A actividade de Rosalía no Liceo de la Juventud tería repercusións importantes na futura escritora, na formación do seu gusto literario, na comprensión da eficacia dramática, no dominio do diálogo de que dá mostras na súa obra. Ademais, existe unha vertente social que debemos considerar nesa dedicación xuvenil de Rosalía.

E é que sabemos que a sociedade compostelá de mediados do século XIX non aceptaba a exhibición pública dunha rapaza (de feito, o Liceo Artístico y Literario de Santiago, fundado con anterioridade ao Liceo de la Juventud, tivera que pechar as súas portas precisamente pola negativa das mulleres a integrárense no cadro de declamación). Por tanto, a participación de Rosalía nesas funcións indica:

1. Que Teresa de Castro dá a súa filla Rosalía unha educación nada común, unha educación na que a liberdade é un valor, xa que estimula a súa dedicación ao teatro e a súa convivencia –e incluso intimidade– con outros rapaces e rapazas.
2. Pola súa parte, Rosalía revélase como unha muller que se esforza por destacar e por merecer recoñecemento social a través do cultivo das artes e das letras.

Outro dos capítulos pouco explorados da biografía vital e literaria de Rosalía son as súas

relacións literarias. A falta dun corpus de correspondencia da autora non ten permitido afondar neste aspecto, que, sen embargo, consideramos crucial na conformación dunha escritora nada cando “aínda non lles estaba permitido ás mulleres escribir o que sentían e o que sabían”, por empregarmos a expresión da propia Rosalía.

Nos comezos da súa carreira literaria, Rosalía, con plena conciencia da súa condición de pioneira, trata de vencellarse a unha xinea de mulleres célebres que, ao longo da historia, desmentiron a ancestral visión negativa da condición feminina. Así, no prólogo á súa primeira novela, *La hija del mar* (1859), Rosalía cita a Xoana de Arco e a Catarina de Rusia; a Safo e a Santa Teresa; a Madame Roland, a Madame de Staël e a George Sand. Demostra así a autora a súa convicción de que todas elas –en canto que intelectuais– son as que lle permiten acceder á oportunidade de publicar. Por certo que a figura de George Sand (1804-1876), a única contemporánea de Rosalía, parece serlle a máis grata, xa que a cita repetidamente, non só no prólogo e nalgúns epígrafes de *La hija del mar*, senón, anos despois, en *Las literatas* (1865), onde, por voz de Nicanora, exclama: “tú no sabes lo que es ser escritora. Serlo como George Sand vale algo; pero de otro modo, ¡qué continuo tormento!; por la calle te señalan constantemente, y no para bien, y en todas partes murmuran de ti”.

En 1863, cando publica o seu primeiro libro en galego, Rosalía de Castro segue decidida a inserirse nunha tradición de literatura escrita por mulleres, como expresa na súa dedicatoria a Fernán Caballero, primeira destinataria de *Cantares gallegos*:

Señora: Por ser mujer y autora de unas novelas hacia las cuales siento la más profunda simpatía (...) por haberse apartado algún tanto, en las cortas páginas en que se ocupó de Galicia, de las vulgares preocupaciones con que se pretende manchar mi país.

Pero non sabemos cal era a natureza da relación de Rosalía con Fernán Caballero. Existiu unha carta de Fernán Caballero a Rosalía, que

conservaba don Juan Naya, bibliotecario que foi da Academia Galega, e que está extraviada hai moitos anos. Quizais apareza algún día.

Con *Cantares gallegos* que se erixe en pedra angular da literatura en lingua galega, a figura de Rosalía acada unha posición senlleira. En adiante, non precisará de autoridades para lexitimar o seu discurso, pois será ela, a partir de entón, fonte de autoridade, modelo e estímulo para as súas contemporáneas e seguidoras.

Así queda de manifesto, por exemplo, nunha carta que nós demos a coñecer no 2010, dirixida pola escritora catalá Agna de Valldaura⁴ a Rosalía de Castro, na data do 24 de xullo de 1894. Custodiada na Real Academia Galega, a carta conservouse entre a inxente correspondencia dirixida a Manuel Murguía, hoxe en curso de publicación.

Agna de Valldaura agradécelle o envío de *En las orillas del Sar* e ofrece a Rosalía algunhas traducións ao catalán que ela ten feitas de poemas de *Cantares gallegos* e de *Follas novas*. Escribe Agna de Valldaura:

Tengo algunas otras traduciones de las *Follas novas* y del libro de los *Cantares* que si V. me permite se las mandaré. V. ama a su patria tanto como yo a la mía y esa paridad de sentimiento hace que la admiración que siento por sus obras, se una la simpatía más profunda.

Conservamos poucas cartas dirixidas a Rosalía de Castro. En efecto, boa parte das relacións literarias que esta mantivo, mantívoas por delegación, é dicir, a través do seu marido, Manuel Murguía, un intelectual de gran proxección pública que mediatizou, de grao e por forza, a presenza da escritora na vida literaria da época. Por isto, tamén, é polo que interesa unha carta destinada a Rosalía, incluso tan protocolaria coma esta. Agna de Valldaura agradece o obsequio dun exemplar de *En las orillas del Sar* (1884), que Rosalía lle envía por un propio. Aínda que non coñezamos testemuños epistolares anteriores, queda claro que non era a primeira vez que se carteban. A súa relación fundaméntase, segundo expresa Agna, na admiración que sente pola obra poética de Rosalía, que coñece na súa totalidade, e na

⁴ Pseudónimo de Joaquina Santamarina i Ventura (1854-1930). Esposa de Antoni Maria Fábregas, escritor de escasa produción, que pertenceu, coma ela, ao círculo formado por Francesc e Maria del Pilar Maspons i Labrós (Maria de Bell-lloc) e Francesc Pelagi Briz. Lembremos que este último, fundador de dous importantes órganos periodísticos da Renaixença, *Calendari Català* (Barcelona, 1865-82) e *Lo Gay Saber* (Barcelona, 1868-69; 1878-83), é autor dunha notable recensión crítica de *Cantares gallegos*.

comunidade do sentimento de amor á patria. Nisto, a escritora catalá di sentirse profundamente afin a Rosalía, e esa parece ser a clave do achegamento entre dúas creadoras moi distantes ideoloxicamente, xa que a catalá exercía un rexionalismo conservador e católico a ultranza e un feminismo non menos tradicional.

Como escritora, Rosalía desenvolveu o programa do Rexurdimento, que consistiu en elaborar unha nova imaxe de Galicia, dos galegos e da lingua galega. Ese programa levouno a cabo, con extraordinaria enerxía e decisión, nos seus dous libros en galego e nos seus artigos periódicos, que son poucos, pero todos relevantes

Rosalía manifesta sempre unha asombrosa capacidade de exercer –de ser– en liberdade. Esa é a palabra clave do Romanticismo. En 1858, na súa primeira colaboración na prensa, a prosa poética titulada “Lieders”, Rosalía lanza esta proclama de liberdade:

Solo cantos de independencia y libertad han balbucido mis labios, aunque alrededor hubiese sentido, desde la cuna ya, el ruido de las cadenas que debían aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud.

Levado á prensa, ese programa ético e estético desconcertou a parte dos seus contemporáneos e, neste sentido, a recepción dos seus artigos custou á autora serios conflitos. En efecto, dúas das máis notorias polémicas provocadas pola obra de Rosalía tiveron a súa orixe en senllos traballos xornalísticos.

A finais de 1864, o editor lugués Manuel Soto Freire publicitou o seu *Alamanaque para 1865*, que incluíría un artigo de Rosalía titulado “El codio”. Supoñemos que sería un cadro de costumes no que a autora describiría este tipo pintoresco, o codio ou seminarista pobre (o nome “codio” era despectivo, codio é o que rilla codias de pan). Coñecedores os seminaristas de Lugo do índice da publicación, trataron de impedir esa suposta ofensa ao seu colectivo, con ameazas de violencia contra a casa do editor e manifestación pública polas rúas da cidade.

Nós tivemos a fortuna de esclarecer algo máis este episodio, que recollen e comentan dous periódicos madrileños. Tal como nolo describen este xornais, o suceso é, a un tempo, cómico e arrepiante: douscentos seminaristas, envoltos nos seus negros manteos, percorreron as rúas de Lugo en manifestación pública

contra Rosalía de Castro. A censura previa, exercida polos feroces seminaristas lugués, e alentada polos seus superiores, deu como resultado a retirada do artigo de Rosalía. Soto Freire, o editor, era un neocatólico militante e o maior impresor de libros relixiosos de Galicia e non quería, naturalmente, arriscar o seu negocio nin poñer en perigo a consideración que a curia lle dispensaba. “El codio” perdeuse. Quizais apareza algún día.

Maior gravidade reviste o acaecido en 1881, tras a publicación do artigo “Costumbres gallegas” (*Los Lunes de El Imparcial*, 28 de marzo e 4 de abril). Neste artigo, Rosalía afirma que, nalgúns zonas costeiras de Galicia, está vivo o costume de hospitalidade polo cal as mulleres regalan sexo, por unha noite, aos mariñeiros que tocan terra tras longo tempo no mar. Algúns xornais galegos descargaron críticas contra Rosalía, coma o diario católico-conservador *El Anunciador* (d^a A Coruña) e o periódico liberal *La Concordia*, de Vigo, que acusou a escritora de “intentar el extravío de la opinión pública” dando a coñecer feitos que prexudicaban o bo nome de Galicia.

Indignada pola reacción dunha parte da prensa galega, a escritora anunciou a Murguía, por carta –unha das poucas que dela se conservan–, “mi resolución de no volver a coger la pluma para nada que pertenezca a este país, ni menos escribir en gallego, una vez que a él [o editor] no le conviene aceptar las condiciones que le he propuesto. No quiero volver a escandalizar a mis paisanos”. Son palabras do 26 de xullo de 1881.

A dimisión de Rosalía, segundo a célebre expresión de Xesús Alonso Montero, ten sido diversamente interpretada pola crítica. Marina Mayoral opinaba, en 1996, que de non ser pola prematura morte de Rosalía, a autora tería reanudado a produción en lingua galega: “La muerte –escribe Marina Mayoral– vino así a dar una trascendencia enorme a unas palabras que, sin duda, el tiempo hubiera paliado”.

Mais, como tivemos ocasión de mostrar nun noso traballo, Rosalía mantíñase firme nesta determinación en 1882, un ano despois da polémica (decisión que, por outra parte, xa anunciara no prólogo de *Follas novas*, en 1880). En 1882, Murguía manifesta, en carta a Francisco Portela Pérez, que nós publicamos, que Rosalía non desexa figurar na colección de poesía galega que preparaba Portela, a *Colección de poesías gallegas d’algúns autores* (Pontevedra, 1882), que resultaría ser a

primeira e modestísima antoloxía da poesía galega contemporánea. Escribe Murguía:

Si esto pudiera parecer a Vd. un desaire o una impertinencia indisculpable, puede desde luego incluir en el volumen dicho la poesía que Vd. indica, una vez que su autora está dispuesta a sufrir en toda su extensión la tiranía que en nombre de Galicia se ejerce a todas horas y con todos los motivos sobre aquellos de sus hijos que desgraciadamente para ellos escriben alguna cosa.

A polémica debeu de ser, en efecto, bastante ferinte, porque aínda o 27 de xaneiro de 1884, un escritor, que se oculta tras o pseudónimo de “Uno”, escribe o seguinte no *Diario de Lugo*:

Galicia no ha salido mejor librada de algunas plumas españolas, y aun de las indígenas. De estas recordamos unos artículos publicados por la insigne poeta – no sé por qué se ha de decir poetisa- Rosalía de Castro de Murguía, que levantaron una tempestad en la prensa regional.

Temos feito, nestes minutos, algunhas calas na biografía vital e literaria de Rosalía de Castro, en aspectos nos que a documentación de

arquivo nos permitiu afondar, achegar materiais para a elaboración desa desexada e necesaria biografía. Dou as grazas ás organizadoras destas Xornadas por convidárenme a falar aquí, porque isto obrigoume a facer algo que non adoito, pero que é necesario para seguir avanzando: mirar atrás. Considerar o que se fixo, que é moi pouco, e o que queda por facer, que é case todo.

Algo máis quero dicir: eu teño dedicado non centos, miles de horas á esculca nos arquivos, porque a investigación de arquivo consome moito tempo. Considerando o tempo empregado, os froitos logrados son escasos. E, non obstante, sempre tiven a fortuna de contar con lectores extraordinarios, con lectores agradecidos. Isto, naturalmente, non o atribúo a mérito meu, senón a mérito de Rosalía de Castro. En 1985 admirei o poder de convocatoria do nome de Rosalía e agora, no 2013, segue a admirarme.

Rosalía de Castro é coma unha maravillosa árbore, que florece nunha inacabable primavera.

Moitas grazas pola atención.